



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O
CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO
DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar co Concello de Cangas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 01/01/2016 ata o 31/12/2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Instrumentar a colaboración conxunta necesaria para darlle continuidade ao funcionamento do centro sociocomunitario do Concello de Cangas, como servizo social comunitario específico de titularidade local, coa finalidade de que nel continúen a desenvolverse as seguintes funcións:

- a) Potenciar a participación das persoas usuarias nas actividades desenvolvidas nos centros integrados na rede, fomentando a creación de actividades de uso e participación social.
- b) Potenciar o diálogo grupal, o coñecemento mutuo e a transferencia de experiencias, facilitando a discusión de ideas, a diversidade de formas de aprendizaxe e a creación de contornos de convivencia compartida.
- c) Proporcionarlles ás persoas usuarias dos centros integrados na rede un acceso permanente á información e orientación sobre os programas, recursos e actividades do sistema galego de servizos sociais.
- d) Promover a atención das necesidades psicosociais e de ocio e recreo das persoas maiores.
- e) Fomentar, nas persoas maiores, o logro dunha vida autónoma, contribuíndo a facer realidade as premisas do envellecemento activo e o desenvolvemento dunha vida social saudable.





f) Facilitar a conexión telemática entre os distintos centros integrados na rede coa finalidade de permitirlles interactuar para a difusión do coñecemento, das experiencias, dos programas e actuacións que se desenvolvan en cada un deles, sen prexuízo do establecido no título II da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o que se establece no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais: nomeadamente as de planificación, ordenación e coordinación do sistema galego de servizos sociais, de conformidade co artigo 59 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e, entre outras, as da atención do colectivo de persoas maiores, segundo o previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Así mesmo, os concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencia e, por conseguinte, iniciativa propia no eido dos servizos sociais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3, como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, “promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade”.

Segundo indica o artigo 8 da dita lei, o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en dous niveis de actuación: servizos sociais comunitarios que poden ser básicos e





específicos, e servizos sociais comunitarios especializados. Os servizos sociais comunitarios, segundo indica o artigo 9 deste mesmo texto normativo, “teñen carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e unha poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais Lei 5/1997, do 22 de xullo.

O artigo 12 desta mesma norma establece que “os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social”, e o seu artigo 13 indica que, entre outras, “os servizos sociais comunitarios específicos terán como función a atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial”.

En desenvolvemento destes preceptos legais, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 25.2 establece que “os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, como servizos de proximidade, no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida”, e no artigo 26 sinala, como unha das funcións destes servizos sociais comunitarios específicos, a da “atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal”.

A competencia para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos corresponde aos concellos, segundo indica o artigo 60.b) da Lei 13/2008. Sen embargo, o seu artigo 59.i) tamén lle atribúe a Xunta de Galicia “a competencia para a creación, o mantemento e a xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas, asuma a Xunta de Galicia”.

De acordo co anterior, a Xunta de Galicia viña asumindo a xestión do centro sociocomunitario de Cangas, de titularidade autonómica, dende que iniciou a súa actividade o 31/01/2008 ata o ano 2011, inclusive. Non obstante, este centro sociocomunitario desenvolvía as súas actividades nun inmovble alugado no Concello de





Cangas e, debido á complicada situación económica e ás subseguintes restricións orzamentarias ás que a Comunidade Autónoma tivo que facer fronte no exercicio 2012, non era posible nese momento que a Xunta de Galicia puidese facerlles fronte aos gastos derivados do elevado custo do alugamento do local (máis de 3.000 € ao mes), así como á contratación dos servizos necesarios para o seu mantemento e funcionamento (limpeza, conserxería, seguridade...), o que deu lugar á cesación da prestación de servizos e á desaparición deste centro sociocomunitario de titularidade autonómica o 31/12/2011.

Ante esta situación que ameazaba coa desaparición deste servizo, o Concello de Cangas ofreceuse a colaborar para garantir a súa continuidade, abrindo a posibilidade de que o centro sociocomunitario se trasladase a outro local da propiedade do concello e asumindo a súa titularidade como servizo social comunitario específico de titularidade municipal, coa finalidade de continuar a promover a convivencia entre as persoas maiores para facilitar a súa autonomía persoal e previr a dependencia mediante talleres e outras actividades de dinamización.

O artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establece que “a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos”.

Así mesmo, a propia Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia prevé, no seu artigo 198, a instrumentación desta cooperación interadministrativa a través de convenios, cando afirma que “A Xunta de Galicia e as entidades locais poderán subscribir convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia”.

Na mesma liña, o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que “A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as administracións do Estado e das comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban”.





En consecuencia, como a Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, ante a cesación de servizos e desaparición do centro sociocomunitario de titularidade autonómica, consideraron moi necesaria a continuidade deste servizo, acordaron comprometerse, por medio dos sucesivos convenios anuais de colaboración asinados nos anos 2012 e seguintes, a promover e apoiar a continuidade, respectivamente, do funcionamento do centro sociocomunitario deste concello.

A utilización da figura do convenio de colaboración xustifícase neste caso:

- Por unha banda, pola excepcionalidade da situación na que se atopa o Concello de Cangas, debido a inexistencia neste concello de máis de 20.000 habitantes doutros centros de servizos sociais distintos do centro obxecto do convenio nos que se poida prestar atención ao colectivo das persoas maiores, que é o máis numeroso do concello e, tamén, un dos colectivos máis desfavorecidos.
- E pola outra, porque, na actual conxuntura de crise económica e escaseza orzamentaria, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia xa non podía continuar a asumir por máis tempo o grande custo económico que lle supuña o mantemento do centro sociocomunitario de Cangas, situado nun inmobile alugado, como centro de titularidade autonómica, e isto fixo preciso dar unha solución rápida e axeitada ao problema que supoñería para este concello e, polo tanto, para o sector de poboación afectado, quedar sen a prestación destes servizos sociais que para este colectivo de persoas maiores son tan importantes co fin de promocionar a súa autonomía persoal e a previr a súa dependencia.
- Ademais, o Concello de Cangas tería moitas dificultades para facerlles fronte aos gastos de mantemento do novo centro en solitario. En consecuencia, faise necesaria a colaboración financeira de ambas as dúas administracións para garantir a continuidade do funcionamento do centro sociomunitario de Cangas, porque, deste xeito, conséguese que se sigan a prestar os ditos servizos sen que as persoas usuarias se vexan prexudicadas e, ao tempo, a Administración autonómica consegue economizar os gastos de prestación destes servizos, ao non ter que asumir o seu custo total, senón só unha pequena parte, grazas á colaboración do concello.





Por estes motivos, para dar continuidade aos servizos do xeito máis áxil posible e evitar que o colectivo de persoas maiores dese concello se poida ver prexudicado e, é polo que a Consellería de Política Social e o Concello de Cangas pretenden asinar este convenio de colaboración para garantir a continuidade do funcionamento do centro sociocomunitario dese concello.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2016.

